

Convocatoria e bases reguladoras das subvencións para o desenvolvemento de festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas, festivais folclóricos e actividades socioculturais educativas e deportivas

CAPÍTULO I. Disposicións xerais.

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

1. O obxecto das presentes Bases reguladoras é a concesión de subvencións a favor de persoas ou entidades coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.
2. O obxecto desta convocatoria é a promoción e impulso de eventos e actividades culturais nas parroquias do Concello de Crecente e contribuír para que acaden os obxectivos que lles son propios, fomentando a participación da cidadanía en cada ámbito de actuación, contribuíndo de este xeito a impulsar a democratización da sociedade e fomentando a defensa dos valores de igualdade e participación

Artigo 2. Beneficiarias

Persoas e entidades que desenvolvan a súa actividade no Concello de Crecente e nos seguintes ámbitos:

- Acción social: igualdade, mocidade, asociacionismo e participación cidadá
- Cultura: música, artes plásticas, etc.
- Deportes: prácticas deportivas, asociacionismo deportivo, etc.
- Festas patronais
- Actividades educativas

Artigo 3. Crédito orzamentario.

No Orzamento Municipal para o ano 2025 aprobose, polo Pleno Municipal, a as partidas orzamentarias correspondentes, así como as súas atribucións máximas no Plan estratéxico de subvencións que acompaña o proxecto de orzamento

Artigo 4. Requisitos para solicitar as subvencións

4.1 Requisitos comúns:

- Ter o domicilio social e desenvolver as súas actividades no termo municipal da Crecente
- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención ou axuda perante o Concello para o mesmo obxecto para o que se solicita subvención, e no caso de non xustificar a totalidade do importe concedido renunciarase á parte restante.
- Estar ao día nas súas obrigas tributarias (ATRIGA, AEAT, Seguridade Social e Concello). . Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro

Artigo 5.- Solicitudes

As solicitudes formalizaranse nos anexos e documentación complementaria aos que se poderá acceder na sede electrónica municipal.

- Anexo 1. Solicitud de subvención



- Anexo 2. Declaración indicando os eventos e actividades organizadas pola entidade
- Anexo 3.- Conta xustificativa, de ser o caso de xa ter desenvoltoa a actividade

A comprobación da existencia de datos non axustados á realidade, tanto na solicitude coma na documentación achegada, poderá comportar, en función da súa importancia, a denegación da axuda ou subvención solicitada ou o reintegro, sen prexuízo das restantes responsabilidades que se deducisen.

Artigo 6. Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

- As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, preferentemente por canle electrónica, dende o día seguinte á publicación das presentes BASES
- A convocatoria de subvencións farase pública no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web do Concello de Crecente e nas redes sociais.
- As solicitudes, deben de estar axustadas ao modelo oficial (Anexo I), e deberán contar coa sinatura da persoa representante legal da entidade.
- A falsidade de calquera dos datos dará lugar ao arquivo do expediente, reservándose o dereito o Concello da a emprender as accións legais oportunas.
- Ter débedas coa Axencia Tributaria, Seguridade Social, Atriga, Concello de Crecente e/ou calquera dos seus entes dependentes determinará a imposibilidade de conceder a subvención.

Artigo 7. Avaliación

A valoración das propostas presentadas, con base nos criterios relacionados no punto anterior, efectuarase por unha Comisión de Valoración constituída por persoal técnico do Excmo. Concello da Crecente.

Esta Comisión elevará unha proposta de concesión á Xunta de Goberno Local previo informe da Intervención municipal. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

Artigo 8. Gastos subvencionables .

As subvencións van destinadas aos seguintes gastos, en función da súa natureza

A) Igualdade

- a) **Obxectivos:** Incrementar as actividades encamiñadas á promoción, incorporación e permanencia da muller e a consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes, tratando de conseguir a igualdade en todos os aspectos da súa vida, facilitando a conciliación da vida familiar e laboral, mellorando a súa calidade de vida e perseguindo o acoso sexual no traballo.
- b) **Cuantía:** 1000 euros.

B) Mocidade:

- a) **Obxectivos:** Fomentar a realización de actividades de tempo libre para a mocidade, os cursos de formación de monitores e animadores, as actividades de verán, os programas de información á mocidade en relación coas drogas, estimular a súa inserción, autonomía, emancipación e benestar no mundo laboral.
- d) **Cuantía:** 1000 euros.

C) Fomento do Asociacionismo e a participación cidadá:

- a) **Obxectivos:** Incrementar o número de asociacións existentes no Concello con fins de carácter social, cultural e educativo, rexeitar a violencia e o racismo e exploración de novas formas de planificación e xestión ao redor de proxectos de rexeneración urbana.



d) **Cuantía** 300 euros por actividade ata un importe máximo de 2600 euros

D) Música e artes plásticas

a) **Obxectivos:** Favorecer as actividades musicais, a programación de concertos, os espectáculos de música clásica, formación de corais, escolanías e bandas musicais. Impulsar e achegar á poboación a creación artística a través de exposicións, obradoiro e encontros, apoiando a súa formación e goce.

c) **Cuantía por proxecto:** 200 euros ata un límite de 1000 euros

E) Fomento das Prácticas Deportivas:

a) **Obxectivos:** Favorecer a realización de actividades deportivas no Municipio, apoiar a todo tipo de Entidades Públicas ou Privadas que programen ou realicen actividades de carácter deportivo, para a celebración de competicións ou eventos deportivos...

c) **Cuantía por proxecto:** 1200 euros.

F) Creación de Asociacións Deportivas:

a) **Obxectivos:** Apoiar a constitución de todo tipo de Entidades Públicas ou Privadas que programen e realicen actividades de carácter deportivo, para a celebración de competicións ou eventos deportivos.

d) **Cuantía por proxecto:** 1000 euros.

G) Festas patronais

a) **Obxectivos:** Favorecer a realización de actividades socioculturais, mantento as tradicións populares e o arraigo das mesmas

c) **Cuantía por proxecto:** 400 euros.

h) Procesións e romarías

a) **Obxectivos:** Favorecer a realización de actividades socioculturais, mantento as tradicións populares e o arraigo das mesmas

c) **Cuantía por proxecto:** 200 euros.

i) Fomento de actividades educativas

a) **Obxectivos:** O concello de Crecente colaborará cos diferentes centros educativos públicos apoiando as súas iniciativas e necesidades

c) **Cuantía por proxecto:** 1000 euros.

Artigo 9. Concesión.

A cantidade ou importe máximo a percibir por unha mesma entidade será de 1.500 €.

Esta subvención é compatible con outras axudas de entidades públicas ou privadas, agás as subvencións nominativas concedidas polo Concello de Crecente.

En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.

Artigo 10. Obrigas das beneficiarias.

As persoas beneficiarias, unha vez aceptada a subvención, están obrigados a:

a. Ter realizados os eventos e/ou actividades propostas. Os cambios deberán comunicarse previamente á súa



xustificación para seren admitidos.

b. Presentar as contas xustificativas e destinar as axudas aos fins para os que se concederon así como acreditar o cumprimento da finalidade proposta, xuntando o cartel e a programación da festa/evento.

c. Comunicarlle ao Concello a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade que procedan doutras administracións e/ou entes públicos ou privados.

d. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e. Facer uso do galego en toda a cartelería, publicidade e indicadores no día do evento.

f. Incorporar, con carácter xeral, a transversalidade de xénero a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.

g. No caso de que algún dos eventos e actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como trata de seres humanos, de conformidade co disposto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil.

Artigo 12. Xustificación e pagamento

En canto ao pago das subvencións, terán carácter prepagable cun 75%, nunha primeira fase.

Logo de que sexa xustificada a primeira fase, realizarase o pago restante, debendo xustificar o beneficiario a totalidade da subvención no prazo establecido

12.1 Consideracións xerais

A documentación presentárase no Rexistro Xeral do Concello de Crecente, preferentemente por medios telemáticos, ou en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres, ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións.

Consonte ao artigo 21.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

No caso de que o gasto subvencionable que se xustifique:

a. Sexa igual ou superior ao importe concedido, aboarase o 100% da subvención.

b. Sexa inferior ao importe concedido, fixado como límite o 50%, aboarase unicamente o gasto xustificado, véndose minorada a cantidade a percibir.

c. Sexa inferior ao 50%, no se considerará cumprida a finalidade básica da subvención polo que non se aboará cantidade ningunha. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, en todo caso a obtención concorrente de subvención doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

O importe das subvencións concedidas en ningún caso poderá ser de tal contía que en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas supere o custo da actividade que desempeña o beneficiario



12.2 Prazo de xustificación

O prazo de presentación dos xustificantes rematará antes do día 1 de decembro, se ben antes de rematar o prazo, poderase ampliar por solicitude da persoa interesada ou por proposta razoada da unidade xestora. No caso de que o interesado solicite unha prórroga téñense que razoar os motivos e realizarse por escrito antes da data sinalada. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido (inicial ou prorrogado), comportará a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de Subvencións de Galicia.

A presentación da xustificación no prazo adicional establecido non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á lei, correspondan.

En calquera caso, o 31 de decembro de 2025, anularanse automaticamente todas as axudas pendentes de xustificación ou sen concesión de prórroga. O Concello resérvase o dereito de comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta, quedando o beneficiario obrigado a facilitar canta información lle sexa requirida polo responsable da tramitación.

12.3.- Documentación xustificativa a presentar:

A xustificación formalizarase nos anexos e documentación complementaria aos que se poderá acceder na sede electrónica municipal e dos que se poderá solicitar unha copia en formato word ben no rexistro xeral do Concello de Crecente, na casa consistorial do concello, ben remitindo un correo electrónico a info@concellocrecente.es e/ou secretaria@concellocrecente.es

- Anexo 1. Solicitude de subvención
- Anexo 2. Memoria
- Anexo 3. Conta xustificativa
 - Documentación complementaria:
 - Certificado da conta bancaria da entidade.
 - Certificados de estar ao corrente coa AEAT, ATRIGA, Seguridade Social e Concello (este último consultarase de oficio pola entidade local, non sendo precisa a súa presentación).
 - Facturas ou documentos orixinais polo importe concedido e xustificantes bancarios do seu pago. (No caso de presentar os gastos de persoal como xustificantes será preciso xuntar: contrato en vigor, informe de vida laboral, nóminas e TC2 Seg. Social).
 - Acreditación do uso do logotipo do Concello en cartelería, web, redes sociais, outras.

Artigo 13. Publicación

A documentación relacionada con este procedemento de concesión de subvencións mediante concorrência competitiva Concello publicarase no Taboleiro de anuncios municipal na Sede Electrónica municipal.

Da documentación que se publique no Taboleiro de anuncios, realizarase así mesmo publicación, con carácter meramente informativo, na páxina web municipal

A data de publicación na Sede electrónica municipal será a determinante para os efectos dos distintos cómputos de prazos de presentación de subsanacións, alegacións ou recursos.

Así o mando e asino, en Crecente, na data consignada á marxe

O Alcalde,

Don Julio César García Luengo Pérez





Cod. Validación: AKXEJROGC2WMA7KF3G4HXSJ5
Corrección: <https://crecente.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 10

ANEXO I. SOLICITUDE



1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

N.I.F.	NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL		
N.I.F. DO REPRESENTANTE	NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE		
A Administración Pública verificará a identidade das persoas interesadas no procedemento administrativo, mediante a comprobación do seu nome e apelidos ou denominación ou razón social, segundo corresponda, que consten no Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo equivalente. As interesadas poderán identificarse electronicamente ante as Administracións Públicas a través dos sistemas establecidos conforme ao artigo 9.2 da Lei 39/2015. Para formular solicitudes, presentar declaracións responsables ou comunicacións, interpor recursos, desistir de accións e renunciar a dereitos en nome doutra persoa, deberá acreditarse a representación, de conformidade co indicado no artigo 5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.			
Seleccione o medio de notificación: ☐ Postal ☐ Electrónica			
DOMICILIO A EFECTO DE NOTIFICACIÓN	Municipio	Provincia	CP
ENDEREZO ELECTRÓNICO	Teléfono		

2. DATOS IDENTIFICATIVOS DA SUBVENCIÓN

Tipoloxía da entidade	
Convocatoria	
Denominación	
Importe	

3. OBXECTO da SOLICITUDE

EXPÓN

Que esta entidade _____ ten como **obxecto social** _____

Que no orzamento deste Concello incluíuse unha subvención co obxecto de _____

Por todo o cal, **SOLICITO** que, de conformidade co disposto no artigo 22.1 e 23 a 27 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, na Ordenanza Xeral do Concello de Crecente, no Plan Estratéxico de Subvencións e nas Bases de Execución do orzamento **séxame concedido o importe de** _____ para o proxecto presentado, con base na documentación achegada.

O/a asinante **DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE** que é certo o que manifesta e, en todo caso:

- Que achega toda a documentación preceptiva.
- Que non se atopa incurso en prohibición alguna para obter a condición de persoa beneficiaria da subvención e cumpre co disposto no art. 13.7 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social dacordo arts.22 e 24 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo
- Ter residencia fiscal no territorio español e non sendo este o caso, apórtase certificado de residencia fiscal dacordo co art 22.5 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo

E AUTORIZA, para os efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta Administración á telemática con outras administracións públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas á licenza solicitada.

En CRECENTE, a

de

de 20

Sinatura:

Nome, apelidos e DNI do/a asinante:



DATOS OU DOCUMENTACIÓN SOLICITADA

Con base no establecido polo artigo 28.2 e 3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Administración consultará ou solicitará a través das redes corporativas ou mediante consulta da Plataforma de Intermediación de Datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para iso, os seguintes datos ou documentos que xa se atopen en poder da Administración actuante ou sexan elaborados por calquera Administración.

A persoa interesada deberá indicar o nome do documento achegado á Administración e no seu caso, en que momento e ante que órgano administrativo presentouno.

1. Memoria de actividades obxecto da subvención

Aportarase memoria co desglose da actividade e/ou investimento subvencionable e o orzamento solicitado conforme ao Anexo II

Tipo de achega: Obligatoria

☐ Este dato ou documento achégase coa solicitude

2. Certificado de conta bancaria

Tipo de achega: Obligatoria

☐ Este dato ou documento achégase coa solicitude

3. Outra documentación (Adicional)

- ☐ _____
- ☐ _____
- ☐ _____

Opóñome á obtención ou consulta dos seguintes datos ou documentos:

☐ OPÓÑOME expresamente a que se consulten ou soliciten estes datos ou documentos a través das redes corporativas ou mediante consulta da Plataforma de Intermediación de Datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para iso.

Nome do dato ou documentación: Motivación:

Nome do dato ou documentación: Motivación:

Deber de informar aos interesados sobre protección de datos

☐ Fun informado de que este Concello vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.

Responsable	Concello de Crecente
Finalidade Principal	Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións administrativas derivadas destes.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a este Concello. Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local;
Destinatarios	Os datos cederanse a outras Administracións Públicas: Deputación Provincial e Xunta de Galicia. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na seguinte url www.crecente.gal

☐ Presto o meu consentimento para que os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña poidan ser utilizados para fins de interese público

Responsable	Concello de Crecente
Finalidade Principal	Envío de información sobre as actividades e servizos públicos Análisis estadísticos
Lexitimación	Consentimento
Destinatarios	Os datos cederanse a outras administracións públicas. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na seguinte url www.crecente.gal



ANEXO II. MEMORIA



1. Denominación

2. Descripción

3. Data

4. Tipoloxía da axuda solicitada

- ☐ **Acción social:** igualdade, mocidade, asociacionismo e participación cidadá
- ☐ **Cultura:** música, artes plásticas, etc.
- ☐ **Deportes:** prácticas deportivas, asociacionismo deportivo, etc.
- ☐ **Festas patronais**
- ☐ **Actividades educativas**

En CRECENTE, a

de

de 20

Sinatura:

Nome, apelidos e DNI do/a asinante:



ANEXO III. CONTA XUSTIFICATIVA



1. DATOS

N.I.F.	NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL		
N.I.F. DO REPRESENTANTE	NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE		
Seleccione o medio de notificación: ☐ Postal ☐ Electrónica			
DOMICILIO A EFECTO DE NOTIFICACIÓN	Municipio	Provincia	CP
ENDEREZO ELECTRÓNICO	Teléfono		
2. DATOS IDENTIFICATIVOS DA SUBVENCIÓN.- Denominación			
Tipoloxía da entidade			

3. Importe concedido

--

4. DECLARACIÓN

4.1 Que para a celebración da actividade/investimento que consta no apartado 3 se lle concedeu unha subvención por importe de _____ euros e se realizaron os seguintes gastos:

Denominación do gasto	Data	Proveedor	CIF/NIF	Importe

4.2 Que se adxuntan as facturas xustificativas

4.3 Que os gastos arriba referenciados son reais e se adicaron a finalidade subvencionada

4.4 Que se considera cumprida a finalidade da subvención

4.5 Que a esta entidade e/ou asociación SÍ/ NON se lle concederon outras axudas e/ou subvencións para a mesma finalidade *(No caso de ter recibidas outras axudas débense indicar cales, xunto co seu importe, data de resolución e organismo concedente.)*

4.6 Que esta entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias (co Estado e a Comunidade Autónoma), coa Seguridade Social e non ten débedas pendentes de ninunha natureza co Concello de Crecente

En CRECENTE, a

de

de 20

Sinatura:

Nome, apelidos e DNI do/a asinante:

